

# DA INFANCIA AO MATRIMONIO, 1888-1923



"Primeiro eu era un rapaciño feble, vestido cun traxe de terciopelo, cunhas perniñas pequenas e cun colo mariñeiro. Un traxe deses que son de terciopelo que parecen feito de dulce de guindas..."

**Ramón Otero Pedrayo** naceu o 5 de marzo de 1888, no número 25 da ourensá rúa da Paz. Único fillo do médico **Enrique Otero Sotelo** e de **Eladia Pedrayo Ansoar**.

Aprendeu a ler e escribir cos pais e completou os estudos primarios con profesores particulares que ían ao domicilio familiar.



Eladia Pedrayo Ansoar e Enrique Otero Sotelo casaron en 1883. Ramón naceu 5 anos despois. O matrimonio tivera outro fillo antes, que morreu ao pouco de nacer

No primeiro andar da casa natal vivía **Vicente Risco**, catro anos maior. Desde a infancia foron amigos inseparables. Compartían lecturas e xogos. Ás veces sumábaselles **Florentino L. Cuevillas**, familiar de Risco e veciño deles.



"Ourense era daquela unha cidade, como calquera outra de provincias: co seu liceo, o seu café, un fado de intelectuais románticos, avogados, médicos, funcionarios..."

O instituto foi un tempo feliz. Estudante aplicado, a quen gustaba convivir cos compañeiros, entre eles **Manuel Martínez-Risco**, **Eugenio López Ay-dillo** e **Nicanor Crespo**, entre os máis queridos, enchíao de alegría.



Otero Pedrayo, á dereita de Eduardo Moreno López, xunto aos seus compañeiros do curso de Cosmografía e Física do Globo (Arquivo Antonio Rodríguez Martín)

Dous profesores, **Marcelo Macías** e **Eduardo Moreno López**, influíron decisivamente na súa formación. Do primeiro recibiu nocións de literatura, retórica e oratoria. Do segundo dixo que aprendera a observar e comprender a paisaxe.



"Trasalba era para os nosos ollos de nenos o berce do universo: as árbores, o val aberto, os trebóns, o millo, o salbo do viño novo".

Con 16 anos morre o seu pai. El e a nai trasládanse a **Trasalba**. Dos seus eidos dependía a economía familiar. En 1905 cursa por libre en Santiago o primeiro ano de Filosofía e Letras e o preparatorio do Dereito, carreira que ilusiónaba á nai. El prefería ser profesor de Xeografía.



Para non desgustala, simultanea ambas as carreiras na Universidade Central de Madrid. Os estudos desilusionáno. Son anos de cafés, faladoiros, espectáculos teatrais e lecturas no Ateneo.

En 1912 remata as licenciaturas e volve a Ourense.



En 1963, nas páxinas do vespertino compostelán *La Noche*, evoca os tempos do Ateneo madrileño no Paseo del Prado



En xuño de 1917, aparece o número 1 de *La Centuria*. Vicente Risco, Arturo Noguero e Otero Pedrayo serán os seus principais promotores

Publica algúns dos seus primeiros textos, aínda afastados do galeguismo, en **La Centuria** (1917-1918), a revista neosofística dirixida por Risco.



En 1919 aproba as oposicións á ensinanza media. Elixo destino en Burgos, desde onde se traslada a Santander. Alí coñece a Fita, **Josefina Bustamante Muñoz**, con quen casa en 1923, dous anos despois de conseguir praza en Ourense.


Da Terra chá, amiceira do pousado  
desorden dos requieiros ve o Pai Ullón

# DO REGRESO A OURENSE Á CHEGADA DA II REPÚBLICA, 1921-1931



IV Asamblea das Irmandades da Fala (Monforte de Lemos, 18-20 de febreiro de 1922). Nela coñecerá a Castelao

Publica en Madrid, en 1926, a *Guía de Galicia*. Cúmprese neste 2026 o centenario dunha das súas obras máis recoñecidas.



O 9 de decembro de 1929, recoñecido como un dos grandes escritores de Galicia, ingresa na Coruña na Real Academia Galega co discurso *Romanticismo, saudade e sentimento da raza e da terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*, que contesta **Vicente Risco**.




Participa en actividades políticas. Colabora na creación dun partido autonomista que non calla.

A volta á cidade natal supón o seu ingreso no mundo do galeguismo. En abril, asiste, con **Arturo Noguerol** e **Risco**, á III Asemblea das Irmandades da Fala, e ao ano seguinte á IV, celebrada en Monforte, onde coincide con **Castelao**, do que se fará amigo íntimo.

Nestes anos inicia as colaboracións en prensa. Fanse especialmente populares os seus escritos en *A Nosa Terra* e *El Pueblo Gallego*. En agosto de 1926 asina na revista *Nós* a primeira tradución do *Ulises*, de James Joyce, publicada no espazo peninsular en calquera das súas linguas.

Un ano despois aparece *Arredor de si*, considerada como o retrato xeracional dos membros do Grupo Nós.



En 1930, nunha homenaxe en Ourense, aclámanlo como líder do nacionalismo galego; ao pouco, elíxeno presidente da primeira Asociación de Escritores Galegos e o Día de Galicia intervéñen, con **Valentín Paz-Andrade** e **Castelao**, no mitin que o **Grupo Autonomista de Vigo** organiza no teatro García Barbón.

En 1924, tras ingresar no **Seminario de Estudos Galegos** cun discurso titulado *Síntese xeográfica de Galicia*, obtén o premio organizado por esta institución coa súa primeira peza narrativa, *Pantelas, home libre*, publicada en Lar en 1925.



En 1927 publica en Lar a noveliña *Escrito na néboa*.



Exerce docencia con entrega e entusiasmo, convencido de que as aulas son lugares de formación desde os que é necesario transmitir o amor á Terra. Prepara manuais escolares, entre eles, *Lecciones elementales de historia universal* e *Treinta y tres lecciones de geografía general*.



Reunión do Seminario de Estudos Galegos en Pontevedra en 1928

Ao ano seguinte aparece na editorial de Ánxel Casal a novela histórica, *Os camiños da vida*, unha das súas obras máis coñecidas.



En 1921 logra a cátedra no instituto de Ourense, que hoxe leva o seu nome

En 1931 preside o **Partido Nazonalista Republicán de Orense** e sae electo deputado das primeiras Cortes republicanas. En decembro asiste á fundación do **Partido Galeguista**. O seu carné leva o número 6.



dos destinos ouraños. Foi no maneiro  
de crebar do do farelo, un foi do faro

# DAS CORTES CONSTITUÍNTES Á CÁTEDRA UNIVERSITARIA, 1931-1950

## ESTATUTO DE GALICIA






Malia a actividade pública, non descoi-  
da a escrita. En 1932 aparecen **Contos  
do camiño e da rúa** e **Morte e resurrección**;  
ao ano seguinte, **Ensayo histórico  
sobre la cultura gallega** e, en 1934,  
**Fra Verner** e **A romeiría de Xelmírez**.  
**Devalar** en 1935 e **O mesón dos ermos**  
no ano 1936.

En 1936 colabora de forma  
intensa na campaña polo  
Estatuto de Autonomía.  
O triunfo do 28 de xuño  
éncheo de satisfacción.



Nesta época pasa longas temporadas na Casa Grande de Cimadevila (Trasalba)

Durante máis de dez anos vive retira-  
do, dedicado á lectura e á redacción de  
obras que cre que non vai dar publicado.  
Colabora en prensa baixo pseudónimo.




Viaxa a Cataluña con **Castelao** e re-  
cibeos **Francesc Macià** na Generali-  
tat. En Donosti, convocado polo PNV,  
intervén nos actos do segundo Aberri  
Eguna. En 1934 fala no Porto na Sema-  
na Cultural Galega.

O 30 de maio noméano presidente do  
**Seminario de Estudos Galegos**. O le-  
vantamento militar trunca con vio-  
lencia este e outros moitos proxectos  
galeguistas. Había apenas once días  
que defendera en Madrid a súa tese  
de doutoramento, **Los orígenes de la  
Galicia moderna**.

A guerra sorpréndeo en Ourense. Im-  
partiu aulas con normalidade no curso  
1936-37, ao tempo que ía recibindo as  
primeiras noticias dos asasinatos, das  
farsas xudiciais e dos amigos que lo-  
graban fuxir. Comezan os anos de si-  
lencio e exilio interior. No verán de 1937,  
expedientado, privado de emprego e  
soldo, refúxiase na casa de Trasalba.

Nos anos corenta, amigos próxi-  
mos ao réxime, **Xosé Filgueira  
Valverde** entre eles, pídennlle que  
solicite a reposición na cátedra.  
A dignidade e a lealdade non llo  
permiten. Reposto en 1948, im-  
parte clases durante dous cursos  
no instituto ourensán.

No outono de 1949, na inauguración  
da estatua dos xardíns do Posío, en  
Ourense, a **Valentín Lamas Carvajal**,  
fala en galego nun acto público.  
O saúdo romano e os gritos "patrió-  
ticos" das autoridades da ditadura,  
interrómpeno.



Retrato realizado por Carlos Maside



Con 62 anos, aproba a cátedra de Xeografía  
da Universidade de Santiago. Había catro  
meses que morrera Castelao.

Facultade de Xeografía e Historia da  
Universidade de Santiago de Compostela



A rura  
As ruras  
abusta de carballe autiva  
ledas aldeas que corren bastas,

# DA EDITORIAL GALAXIA AOS DÍAS FINAIS, 1950-1976



Asemblea fundacional de Galaxia, Santiago de Compostela, 1950

O 25 de xullo de 1950 participa na fundación de Editorial Galaxia, que presidirá ata a súa morte. O grupo Galaxia e a convivencia cos mozos universitarios fan que esta sexa, de novo, unha época de ilusión e esperanza. Os oito cursos en Compostela foron, segundo dixo, os máis ditosos da súa vida.



En 1957 morre a súa nai, á que estaba moi unido.



O 9 de abril de 1975 morre Fita, a súa compañeira de vida, dez anos menor ca el. Otero presente que se achega o seu fin.

Viúvo e sen fillos, ofreceulle o seu arquivo á **Fundación Penzol** e lega a casa de Trasalba á **Editorial Galaxia** "en recoñecemento aos servizos prestados á cultura galega". Pídelles que a destinen a calquera fin que teña que ver coa causa que defendera ao longo da súa vida.

En 1956 recibe de Fermín Penzol, como presidente de Galaxia, a doazón dos seus fondos bibliográficos e documentais. Con eles, en 1963 fundarase e dotará a Fundación Penzol

Viaxa en tres ocasións a América. A primeira, en 1947, permítelle reencontrarse cos exiliados e abrazar por última vez a **Castelao**. Contouno en **Por os vieiros da saudade** (1952).



O 5 de marzo de 1958, ao facer 70 anos, xubíbase como profesor universitario. Pronuncia no Paraninfo da Facultade de Historia de Compostela unha lección maxistral en galego. Ao acto asiste xente de toda Galicia, que non collía no salón nin no claustro.

Tres anos despois do seu falecemento, en 1979, Galaxia promove a creación da Fundación Otero Pedrayo, con sede na Casa Grande de Cima de Vila, que custodia o seu legado. A Fundación entrega anualmente o Premio Trasalba a unha persoa sobranceira da cultura galega.



Son anos de recoñecementos. En 1964, a Deputación de Ourense premia o seu traballo sobre a vida e a obra do padre Feixoo, unha figura á que dedicara moitas horas de estudo. Non se publicará ata 1972.

Durante anos entregouse á persoa premiada unha xerra conmemorativa do Premio deseñada por Isaac Díaz Pardo. Na actualidade, cunha escultura en bronce de Manuel Bucifios


Ancián e triste, participa na inauguración do busto de Castelao en Rianxo. Era setembro de 1975; Franco asinara a sentenza dos últimos condenados a morte. Son tempos difíciles.



En 1956 visita Venezuela e viaxa por primeira vez en avión, unha experiencia gozosa. Tres anos despois repite viaxe á Argentina e O Uruguai.



O 5 de febreiro de 1972, un temporal abate a árbore que o pai plantara no xardín de Trasalba o día que nacera. Interpreta o suceso como un augurio.



Con 88 anos, falece na casa natal ás 8 da mañá do 10 de abril de 1976. Deixara instrucións precisas sobre como quería que o enterrasen. Envolto na bandeira galega, vestido co hábito franciscano e velado no chan en sinal de humildade.

Ramón Otero Pedrayo está enterrado no cemiterio de San Francisco, na cidade de Ourense



*Non devalar os días. deinde as raíces de raíces percorridas por o trono Yunque e ralegado do man uendesio*



UNHA PRODUCCIÓN DE **Merlín Comunicación / Editorial Galaxia**

PARA A **Fundación Penzol** E A **Cátedra Otero Pedrayo da Universidade de Santiago de Compostela**

COMISARIADO: **Xosé Manuel Soutullo / Xosé Manuel Dasilva**

DESEÑO E MAQUETACIÓN: **Hayat Husein** DOCUMENTACIÓN: **Benito Ramírez / Pilar Vilaboy / Rosa Bordallo / Mercedes Sotelo**

COORDINACIÓN DA PRODUCCIÓN: **Xesús Domínguez Dono** IMPRESIÓN: **CdeC**

O material gráfico da mostra tirouse do libro *Ramón Otero Pedrayo. Unha fotobiografía, 1888-1976* (Fundación Otero Pedrayo, 2014)